Á ÚLTIMA

A PREGUNTA QUÉN DESIGNOU VILAGARCÍA COMA SEDE DA FINAL DE COPA? O MESMO QUE ELIXIU O DOMINGO?

UNHA PORRA QUE INVITA AO OPTIMISMO

Parte da plantilla do Calvo Xiria non tivo reparo en pronosticar o resultado da final de Copa fronte ao Seis do Nadal. A maioría, como é lóxico, apostou polo triunfo. Aínda que quixo rectificar despois, só un xogador se mostrou reacio á victoria carballesa. ¿Quén foi? A solución, no próximo número...

O máis optimista: **"Gañamos de seis goles"**

Dous moderados: **"Gañamos de tres"**

Outro moderado, pero afina máis: **"Gañamos de tres: 31-28"**

Outro que afina: **"Gañamos de dous: 27-25"**

A este vanlle as emocións: **"Gañamos de un"**

Pero non tanto como a este: **"Gañamos nos penaltis"**

Esperemos que non acerte: **"Perdemos de dous"**

Calvo

XIRIA BM

ABRIL ANO 2007

ÚLTIMO OBXECTIVO DA TEMPADA: A COPA

APUNTAN AO 6

Contido

Actualidade 2
O Calvo Xiria xoga a final de Copa.

Actualidade 3
A pola primeira victoria fronte ao Seis do Nadal.

Reportaxe 4
Os equipos de base de Xiria, sen sorte nos campionatos galegos.

Actualidade 6
Os cadetes do Ifecgás Pereira Xiria tamén xogarán a final de Copa.

Dous minutos 7
Nova sección para coñecer, un pouco mellor, á planti-lla do Calvo Xiria.

Á ÚLTIMA 8



O SEIS DO NADAL, RIVAL DO CALVO XIRIA NA FINAL DE COPA A DISPUTAR O DÍA 13 DE MAIO EN VILAGARCÍA

O CONXUNTO CARBALLÉS APEOU Á SAR DE REDONDELA EN SEMIFINAIS, NUN ENCONTRO VIBRANTE E CHEO DE EMOCIÓN

caixanova

O CALVO XIRIA TEN QUE GAÑAR POLA FORZA

O Seis do Nadal é o último escollo que deberá superar o Calvo Xiria para conseguir o título de Copa en Segunda Nacional. A victoria contra a SAR de Redondela en semifinais debe ser aval suficiente para afrontar con garantías de éxito o derradeiro partido da tempada. Ao igual que ao conxunto de Redondela, o Calvo Xiria non foi quen de gañar en liga ao Seis do Nadal. Empate en Vigo e derrota en Carballo. O conxunto de Marcos Rodríguez confía en que á terceira sexa a vencida e poder levantar, o domingo 13 de maio, a copa de campión. Pese a ser un torneo que non entraba nos obxectivos do Calvo Xiria para esta campaña, o feito de estar na final fará que o corpo técnico e xogadores a



Os xogadores levan máis dun mes no ximnasio

afronten como tal. O Calvo Xiria tentará repetir a tensión e confianza do partido contra a SAR para rematar a tempada coa consecución da Copa. Aínda así, o adestrador do Calvo Xiria, Marcos Rodríguez, non cambiou a tónica dos adestramentos que leva realizando o equipo desde unha xornada antes de rematar a liga. É dicir, a plantilla segue a facer traballo intensivo de ximnasio coa intención de comezar a perfilar a vindeira tempada e subsanar os problemas que fixeron que os carballeses non acadaran o ascenso a Primeira Nacional este ano. Ese adestramento específico ten que facer que, se non é por xogo, o Calvo Xiria gañe a final da Copa pola forza.



ENTREVISTA

DOUS MINUTOS CON... QUECO

Tranquilo e simpático de largo, ningún rival querería toparse no seu camiño cando vai de corto. Queco confesa algunha das súas verdades para Xiria BM.



-¿Por qué te decantaches polo balonmán?

- Era un deporte que me gustaba e, además, a maioría dos rapaces do colexio o practicaban.

- ¿Quédaste co ataque ou a defensa?

- A mín o que me gusta é repartir. En defensa é onde se gañan os partidos e, además, era o que nos ensinaban de pequenos.

- ¿Cal é o partido do que máis te acordas?

- Por desgracia do de Irún, cando xogábamos o Campionato de España en categoría xuvenil. Foi nese partido cando Alex se dera un golpe coa cabeza na pista e quedara inconsciente. Ademais, lémbrome que a ambulancia non podía acceder ao pavillón e todos estábamos moi nerviosos. Por fortuna, ao final todo quedou nun susto. Lémbrome de todos os detalles dese partido, que era contra Bidasoa, e que ao final conseguimos empatar logo de chegar ao descanso perdendo por seis goles.

- Supoño que tamén lembrarás partidos máis agradables, ¿non?

- Si, máis dun. Agora véñenme tres á mente. O primeiro sería cando lle gañamos aos cadetes do Xiria de segundo ano sendo nos de primeiro. Despois chegarían putros dos partidos inolvidables, cando conseguimos os Campionatos Galegos en categoría cadete e, posteriormente, en categoría xuvenil.



OS CADETES TAMEN QUEREN A COPA

O Ifecgás Pereira Xiria disputará a final da Copa da Territorial Norte, logo de desfacerse do OAR da Coruña en semifinais. O equipo de Fernando Vázquez foi quen de gañar os dous partidos fronte ao conxunto coruñés e agora deberá esperar para coñecer ao seu rival, que sairá do enfrontamento entre Oleiros e Camariñas. No partido de ida, os de Oleiros gañaban por 39-37. Sexa quen sexa o rival, o Ifecgás Pereira Xiria deberá encontrar a motivación suficiente para levantar o trofeo de Copa: se o finalista é o Camariñas, nin falta fai dicir que se trata dun derbi e que, a motivación, debe sobrar aos xogadores. Se finalmente é o Oleiros que accede á ultima ronda, o Ifecgás Pereira Xiria deberá afrontar o partido como unha revancha do Campionato Galego e confirmar que a derrota contra os coruñeses, na primeira xornada, só foi un accidente. O Ifecgás Pereira Xiria plantouse na final de Copa sen perder ningún dos partidos que xogou nesta competición. Á doble victoria conseguida contra o OAR nas semifinais, hai que engadir as tres que colleitou na primeira fase, encadrado no grupo A. O equipo de Fernando Vázquez iniciaba a súa andaina conseguindo os dous puntos en xogo por incomparecencia do Riveira, ao que lle sucedeu unha victoria pola mínima na cancha de Oleiros (23-24). No terceiro partido, o que valía para conservar a primeira praza do grupo, o conxunto carballés non tivo problema para desfacerse do Tirso de Molina por un cómodo 30-20. A maior preocupación do técnico para afrontar a final de Copa será ver que cara amosa o seu equipo, xa que durante toda a tempada ven adolecendo o equipo carballés dunha preocupante falta de intensidade. Se os xogadores consiguen motivarse para sumar este novo trofeo, a Copa debería ter cor verdibranca. Só hai que esperar a que non se repita a imaxe que o Xiria deu recentemente no Campionato Galego de Camariñas.


LOGO DE FACER UN MAL CAMPIONATO GALEGO, O EQUIPO DE FERNANDO VÁZQUEZ PODE SUMAR A COPA AO TÍTULO DE LIGA TERRITORIAL CONSEGUIDO ESTA TEMPADA.

DEFENSA E VELOCIDADE: CLAVES DA FINAL

Calvo Xiria e Seis do Nadal caracterízanse por tentar facer un xogo alegre e fluido, con rápidasa trasnsicións defensa - ataque e sempre imprimíndolle moita velocidade ás súas accións. A defensa que practiquen ambos conxuntos terá que ser a clave que marque o desenvolvemento da final, xa que permitirá correr a uns o outros e facer o estilo que máis lles gusta. Como xa demostrou no partido de ida da liga, o Seis do Nadal é capaz de crecerse ante as adversidades e nunca se poderá confiar o Calvo Xiria ata que os colexiados decreten o final do partido. O conxunto de Marcos Rodríguez, pola súa banda, terá moito gañado se é quen de xogar coa mesma intensidade e personalidade coa que derrotou á SAR no partido de semifinais.

Tanto Calvo Xiria coma Seis do Nadal chegan á final logo de solventar os seus choques de cuartos con demasiada facilidade e tendo que apretar o acelerador nos partidos de semifinais. Se os dous equipos están ao seu mellor nivel, a final de Copa promete fortes emocións e un xogo moi alegre e vistoso.

COPA		
CUARTOS DE FINAL		
Expl. Mineiras M. Cangas	Conservas Boya Camariñas	29 - 33
Magope Seis do Nadal	Calfoncal Lavadores	30 - 22
CALVO XIRIA	Artai Poio	37 - 27
Peguform SAR	Portadeza Lalín	34 - 31
SEMIFINAIS		
Conservas Boya Camariñas	Magope Seis do Nadal	27 - 31
CALVO XIRIA	Peguform SAR	33 - 31
FINAL		
Magope Seis do Nadal Coia	CALVO XIRIA	



OS EQUIPOS DE BASE VOLTARON DE

OS EQUIPOS CADETE MASCULINO E FEMININO PERDERON TODOS OS SEUS PARTIDOS, MENTRES QUE O INFANTIL FEMININO FOI QUEN DE SUMAR UN TRIUNFO NA FASE FINAL EN POIO

Non tiveron sorte os equipos de base do Xiria que disputaron recentemente o Campionato Galego. O Ifecgás Pereira Xiria, en categoría cedete foi, se cabe, a maior decepción dos nosos representantes. O equipo de Fernando Vázquez tiña en Camariñas unha boa oportunidade de loitar polo título autonómico, e máis sabendo que o Oleiros sería o seu primeiro rival da competición. O conxunto carballés gañáralle ao coruñés en todos os enfrontamentos que disputaran nesta tempada, o que facía que foran favoritos para arrancar o campionato cunha victoria. Pero o Ifecgás Pereira Xiria amosou a súa peor faciana da tempada e foi sempre a remolque no marcador para acabar perdendo o partido inaugural por 24-26. Un lastre do que xa non se podería recuperar o conxunto adestrado por Fernando Vázquez. A única opción de acceder a un dos postos de privilexio do torneo pasaba por gañar o segundo partido fronte á SAR. O conxunto



Hotel
Punta del Este
RESTAURANTE
BODAS - BANQUETES

VACÍO DOS CAMPIONATOS GALEGOS

de Redondela , que sorprendera ao Teucro no primeiro choque, chegou enchido de moral ao duelo cos carballeses e terminou impoñéndose por 37-26. O último partido do Xiria, fronte ao Teucro, deixou ben as claras o discreto papel dos carballeses no torneo autonómico, cunha dolorosa derrota por 26-42. En definitiva, un campionato para esquecer e do que deberán aprender os xogadores para futuros compromisos desta importancia. E mentres o equipo masculino cadete xogaba en Camariñas, o equipo feminino do Punta del Este Xiria facía o propio en O Grove. O equipo de Edu Orgaz tampouco completou un bo campionato e se foi de vacío, con tres derrotas nos tres partidos que disputou. No primeiro dos choques, fronte ao At. Guardés, quedou demostrado o poderío do balonmán da zona sur cunha victoria sobre as carballesas por 30-22. O Punta del Este Xiria non se recuperou desa primeira derrota e acabou perdendo os dous seguintes choques fronte a Rasoeiro e Porriño por unha ampla diferenza: 35-13 e 34-13. O último dos equipos en disputar un Campionato Galego foi o infantil do Delicatessen D-Vicio Xiria. As rapazas de Toni García debutaron ben, cunha victoria fronte á EM de Lugo por 9-18. Por desgracia, o conxunto carballés pouco puido facer no seguinte encontro ante a SAR, co que perdiu por 23-8. Na loita polo terceiro e cuarto posto, o Delicatessen D-Vicio Xiria perdiu fronte ao Narón por un tamén concluinte 14-24, acadando así a cuarta posición do Campionato Galego, no que participaban seis equipos. Pese ás derrotas, a imaxen do equipo de Toni volviu a ser moi positiva.



PROCASA